



## **Protocolo específico de medidas de prevención e hixiene para a reanudación da actividade formativa nos centros de formación profesional para o emprego e unidades formativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

### **1. Obxecto**

O presente protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, de protección e hixiene, colectivas e individuais, que deben adoptarse na reanudación da actividade formativa nos centros e unidades de acción formativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto polas persoas empregadas públicas, como polo persoal docente e non docente e polo alumnado, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O conxunto de medidas incluídas nas presentes instrucións poden ser obxecto de revisión en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

### **2. Indicacións sobre diferentes tipos de persoas que fan uso das instalacións dos centros e unidades de acción formativas**

- As persoas empregadas públicas que desenvolvan as súas funcións nos centros de formación e unidades de acción formativas desta consellería deberán atender as disposicións e indicacións que ditamina a Xunta de Galicia con respecto ao conxunto do seu persoal en canto a medidas de protección, hixiene e saúde por mor do COVID-19.
  - No que atinxe ao persoal das entidades de formación que impartan a actividade formativa dos referidos centros e unidades, non poderán reincorporarse ao seu posto de traballo as persoas que presenten síntomas compatibles con COVID-19 o estean en illamento domiciliario como consecuencia dun diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas o diagnosticada de COVID-19.
- Indicarase ao alumnado que non poden acudir ao centro con síntomas compatibles co COVID-19 o diagnosticados de COVID- 19, o que se atopen



en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas o diagnosticado de COVID-19. Se a persoa alumna tivera febre (recoméndase facer esta comprobación antes de saír da casa ou antes de entrar ás instalacións do centro ou unidade de acción formativa) ou síntomas compatibles con COVID-19 non deberá asistir ao centro, debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro de formación.

- O alumnado que presenta condicións de saúde que os fai máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, Diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade hepática crónica severa, enfermidade pulmonar crónica, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos), poderá acudir ao centro ou unidade de acción formativa, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.
- Recoméndase evitar as aglomeracións.
- Quedan restrinxidas as visitas didácticas ao centro de grupos externos e os eventos non pedagóxicos de calquera tipo, agás as estritamente necesarias para o desenvolvemento dos cursos. Se se garanten as condicións sanitarias, será o centro ou unidade de acción formativa, quen valore o impacto que teña cada actividade segundo as súas posibilidades
- O persoal docente e outro persoal propio das entidades de formación poderán permanecer no centro fóra do horario de actividade formativa unicamente para a supervisión de material e equipamentos e outras tarefas contempladas nas súas obrigas.
- Para facilitar o cumprimento do distanciamento e evitar situacións de concurrencia, e seguindo o principio básico de ter o mínimo nº de persoas, o acceso ás instalacións deberá ser programado, permitindo a presenza do





alumnado únicamente no horario do curso. A estes efectos, se a programación temporal dos cursos o permite, favorecerase o inicio e remate escalonado no horario diario dos cursos.

- Do mesmo xeito, a presenza no centro para probas de selección, entrevistas e outras accións que non formen parte estritamente dos cursos, efectuarase sempre que medie convocatoria ou citación e limitarase ao horario establecido nelas.
- Queda restrinxido o acceso de persoas acompañantes ou familiares do alumnado agás que precisen asistencia, esixíndose, en calquera caso, aviso previo e priorizándose as persoas que acudan con cita previa.
- Os provedores e persoal externo de mantemento farán preferentemente o seu servizo sen concurrencia co alumnado, agás as situacións de urxencia por avaría ou necesidades especiais.
- En xeral, limitarase a presenza nas instalacións do centro de persoas alleas ás actividades de formación e o seu desenvolvemento. Non obstante, permitirase se non se interfere no desenvolvemento de actividades e se respectan as medidas de seguridades descritas neste documento. De calquera xeito, as persoas que queiran acudir en busca de información ou asesoramento en materia de formación, utilizarán a vía do teléfono ou correo electrónico para a obter a dita información ou solicitar cita previa.

Os Centros Integrados de Formación Profesional que teñan persoal docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, seguirán o protocolo desa consellería.

### **3. Actuacións da aparición de síntomas nunha persoa presente nun centro ou unidade de acción formativa**

- Os síntomas máis comúns compatibles co COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode existir diminución do olfacto



e do gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

- As persoas que inicien síntomas, retiraranse a un espazo separado e porán unha máscara cirúrxica. Contactarán co seu centro de saúde, co Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou co teléfono 900 400 116 e seguirán as súas instrucións.

No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas está nunha situación de gravidade o ten dificultade para respirar avisarase ao 061 ou 112.

- A canle de comunicación ordinaria entre o centro e os servizos sanitarios será o teléfono 900 400 116. Sen prexuízo do anterior o centro de formación poderá solicitar do centro de saúde correspondente á súa localización a resolución de dúbidas ou a colaboración que o centro de saúde poida prestar de conformidade cos protocolos establecidos polo SERGAS.

#### **4. Medidas xerais de hixiene e limpeza**

- Colocarase un dispensador de xel desinfectante (a poder ser, sen contacto) en todas as entradas do centro, aulas e talleres. Nos talleres e outros espazos amplos de traballo, o número de dispensadores gardará proporción coa superficie para facilitar o seu uso durante a xornada lectiva. Debe terse en conta que cando as mans teñen sucidade visible o xel hidro alcohólico non é abondo, e é preciso usar auga e xabón.
- Se é o caso, tamén se disporá de dispensadores en zonas comúns de descanso e de máquinas expendedoras.
- Nos centros realizarase unha limpeza e desinfección das instalacións polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso. Prestarase especial atención as zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, colgadores, e outros elementos de similares características.



- Uso e limpeza dos baños e aseos. Limparanse adecuadamente os aseos en función da intensidade de uso. En todos os baños, haberá dispensadores de xabón e papel desbotable para o secado de mans.
  - Na limpeza e hixiene seguiranse as seguintes pautas:
    - a) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recén preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que teñan sido autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiqueta.
    - b) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
    - c) Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo diariamente, con especial atención ao mobiliario outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario.
    - d) Nos espazos de aulas e talleres, que son compartidas en quendas por máis dun curso, os usuarios, deben desinfectar os equipos e ferramentas de traballo antes e despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte curso.
    - e) As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, ás zonas privadas dos traballadores e usuarios, tales como vestiarios, taquilleiros, aseos, cociñas e áreas de descanso.
    - f) Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria durante o tempo necesario para asegurar a renovación do aire.
    - g) Debe vixiarse a limpeza de papeleiras e a dispoñibilidade de xabón, papel de secado de mans e xel hidro alcohólico.
  - As direccións dos centros e unidades de acción formativa, e, de ser o caso, a través das unidades administrativas das que dependan, concertarán as quendas posibles do persoal de limpeza, que permitan dar cobertura as necesidades de limpeza establecidas no presente protocolo.
  - O uso de espazos comúns de descanso, cafetería ou máquinas expendedoras terá en conta o mantemento da distancia de seguridade e o aforo máximo permitido,



favorecendo a rotación dos turnos de descanso e priorizando o uso de espazos exteriores.

- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.
- Os panos desbotables que se empreguen no secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” serán desbotados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, de ser posible, accionados por pedal. As ditas papeleiras deberán ser limpadas de xeito frecuente.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas, etc.) deben depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén una vez efectuadas as recollidas separadas).
- Os espazos que non sexan imprescindibles para o desenvolvemento dos cursos permanecerán pechados

## 5. Medidas xerais sobre distancias de seguridade

De acordo co disposto no Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 é obrigatorio o uso de máscaras polos alumnos e docentes nas aulas e en todo o espazo interior do centro, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros. No caso de incompatibilidade persoal do uso de máscara por motivos médicos (respiratorios, alerxias,...) ou climatolóxicos (altas temperaturas) poderase recurrir ás pantallas faciais.

En todo o recinto e instalacións do centro manterase en xeral a distancia interpersoal de 1,5 metros, que será aplicable a todas as actividades do centro ou unidade de acción formativa, se ben esta disposición pode ser obxecto de revisión en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

En xeral, as aulas e talleres adaptaranse na súa disposición para manter esa distancia interpersoal de 1,5 metros lateral, frontal e traseira para o desenvolvemento dos cursos. A organización da aula ou taller terá en conta tamén os espazos necesarios de tránsito e



acceso aso postos. Así mesmo, nas aulas non se cambiarán os postos asignados ao alumnado. O centro ou unidade optimizará as aulas, talleres e outros espazos para acoller o alumnado inicialmente previsto, mantendo en xeral a distancia interpersoal de 1,5 metros ou as medidas substitutivas que determinen as autoridades sanitarias, especialmente as referidas á utilización de máscaras, mamparas, etc.

Priorizaranse os espazos exteriores para a realización de prácticas e outras actividades formativas na medida do posible.

A organización do movemento de persoas, distribución de espazos e disposición do alumnado organizarase para manter distancias seguras interpersoal requirida en todo momento polo Ministerio de Sanidade.

Utilizaranse preferentemente escaleiras. O uso de elevadores será preferentemente para persoas con problemas motores, manexo de cargas e servizo de limpeza, priorizando o uso das escaleiras. En todo caso, evitarase compartir o mesmo agás en casos de precisar asistencia, mantendo a máxima distancia de seguridade posible.

Os desprazamentos do alumnado entre: as aulas, os vestiarios, os talleres e os servizos será o indispensable, procurando manter a distancia de seguridade.

O tránsito de persoas polas instalacións do centro organizarase para, si é posible, manter un fluxo de entrada e saída separados, en circuitos sinalizados, e en todo caso, vixiarase que o acceso ás aulas e instalacións sexan inmediatas, reducindo o tempo de espera en corredores e zonas de paso en xeral.

Organizaranse as saídas e entradas das aulas e outros espazos con distancia interpersoais de 1,5 metros e escalonada.

Así mesmo, o centro e unidade de acción formativa explicarán as medidas de prevención e proporcionará aos usuarios unha folla informativa aos efectos de acreditar a recepción desa información.

As direccións dos centros e unidades de acción formativa, e, de ser o caso, a través das unidades administrativas das que dependan, poderán designar, unha persoa responsable



do seguemento da prevención para, seguindo as instrucións e recomendacións dos servizos de prevención, asegurar o cumprimento das normas establecidas.

## **6. Medidas xerais de prevención persoal**

Debe realizarse unha hixiene cotiá e minuciosa de mans, durante polo menos 40 segundos con xabón e auga ou, no seu defecto, con xel hidro alcohólico. Debe considerarse que cando as mans teñen sucidade visible o xel hidro alcohólico non é suficiente, e é necesario empregar auga e xabón.

Debe evitarse tocar o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

Cando tose ou espirre, debe cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.

Debe manterse unha distancia interpersonal de 1,5 metros, en caso de non utilizar a máscara.

Deben usarse tecidos desbotables para eliminar secrecións respiratorias e arroxalas despois de usar, aos contenedores hixiénicos destinados a este uso.

Debe evitarse estreitar as mans.

O uso de luvas non é recomendable con carácter xeral, pero si nos casos de tarefas de manipulación de alimentos e limpeza.

O uso dunha máscara será obrigatorio no interior do centro, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros, para todo o persoal empregado público, o persoal docente e da entidade de formación e todo o alumnado. Poderase utilizar outro tipo de protección, como as pantallas faciais, no caso de doenzas de tipo respiratorio xustificadas.





Nos casos en que a actividade implica o uso de EPIs específicos de protección respiratoria e facial este equipamento persoal valorarase se poden substituír ás máscaras.

O uso de luvas de protección específica da actividade ou de prevención non desbota o lavado de máns, que se fará antes e despois do seu uso.

O centro, unidade de acción formativa ou a entidade de formación, segundo os casos, facilitará no posible equipamento individual de uso frecuente para evitar o uso compartido, e o persoal docente organizará as tarefas para reducir no posible as actividades conxuntas.

O alumnado responsabilizarase do mantemento e limpeza dos equipos de protección persoal e en xeral a roupa de traballo, recomendándose o seu lavado diario.

Deberá observarse e insistir no correcto uso da máscara, xa que o mal uso pode implicar máis risco de transmisión.

## **7. Medidas específicas de protección individual**

Nos casos en que sexa imposible manter a distancia intepersoal de seguridade nos movementos de entrada e saída e nos de circulación polo centro ou unidade de acción formativa, as persoas que en xeral fagan uso das instalacións teñen a obriga de usar máscaras nelas.

Nas aulas, pódese prescindir do uso obrigatorio da máscara, se existen as distancias de seguridade interpersoais de 1,5 metros, e así o permiten as disposicións das autoridades sanitarias.

A hixiene de mans é obrigatoria, e a estes efectos na porta de entrada de cada unha das aulas e outros espazos formativos, existirá un dispensador de solución hidro alcohólica, e, de ser posible, panos desbotables e papeleiras, preferentemente, de pedal.

Farase un especial esforzo en gardar en todo momento a distancia de seguridade entre persoas, tanto nos períodos de actividade formativa, por parte do alumnado, persoal



docente e outro persoal das entidades de formación, como na entrada e saída ao posto de traballo por parte das persoas empregada públicas, así como nos tempos de descanso e resto de actuacións.

Nas aulas, tendo en conta que o alumnado estará sentado, se é posible, colocárase na disposición máis óptima as mesas ou pupitres, gardando unha distancia mínima de 1,5 metros entre cada posto. Se esta distancia non é posible, e así o permiten as disposicións das autoridades sanitarias, estableceranse medidas de protección a través de elementos fixos ou móbiles (mamparas, biombos, etc) e/ou o uso de máscaras .

Con carácter xeral o tamaño estándar das aulas formativas permite a ubicación de ata 15 persoas alumnas. En cada centro ou unidade de acción formativa, poderase adaptar o número de alumnado ás circunstancias peculiares das aulas e dos talleres, admitíndose a excepción dun número inferior ou superior ao indicado con carácter xeral, en función do que neste protocolo se establece sobre a distancia social de seguridade e medidas alternativas de protección.

O alumnado non compartirá material de uso individual con ningunha outra persoa.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só por un único usuario, sexa persoal de administración, docentes ou alumnado, e de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. Dentro da aula/taller, as ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, serán usadas polo persoal docente ou persoas empregadas públicas do centro ou unidade de acción formativa, segundo os casos, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

As persoas usuarias dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos.



Aínda que se considera pouco recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, no caso de uso de luvas débense lavarse con frecuencia cunha solución hidroalcohólica ou auga e xabón.

## **8. Medidas específicas de protección colectiva**

O centro ou unidade de acción formativa disporá nas zonas interiores de entrada de dispensadores de produtos de hixiene que permitan realizar unha adecuada hixiene das mans. Isto tamén será aplicable para aulas, talleres e espazos de traballo que non contén con lavado propio.

Deben establecerse distancias mínimas de seguridade de polo menos 1,5 metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

Asemade, en todas as instalacións deberán seguirse as pautas e indicacións que sobre sinalética, cartelería e información específica sobre medidas de hixiene e sanidade vinculadas co COVID-19 que sexan establecidas con carácter xeral pola Xunta de Galicia.

Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecérase unha distancia mínima de 1,5 metros entre o usuario e o persoal, agás que, se así o permiten as disposicións das autoridades sanitarias, se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

Intensifícanse as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e, especialmente, das zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas,...).

Durante a xornada de actividade formativa, o servizo de limpeza realizará limpeza de superficies de uso frecuente. En todo caso, en cada aula e taller, existirá material de desinfección para ser utilizado voluntariamente polo alumnado e persoal docente.



Ventiláranse de xeito frecuente as estancias coa apertura de ventás ou portas, evitando as correntes de aire. Antes e despois de cada cambio de aula abríranse as ventás durante o tempo necesario para asegurar a renovación do aire.

## **9. Regulación de entradas e saídas**

Nos centros e unidades de acción formativa, de ser posible, habilitáranse diferentes entradas para o alumnado e o persoal empregado público, persoal docente e persoal da entidade de formación. No caso de que, polas peculiaridades das instalacións, non fose posible, establecéranse quendas de entrada distanciadas no tempo.

Nos corredores, e, de ser posible, no conxunto das instalacións, establecéranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade, ou as medidas alternativas de protección. Estas circunstancias serán debidamente sinalizadas mediante cartelería ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

O persoal empregado público e o persoal docente ordenarán o fluxo de persoas dentro do seu ámbito de actuación.

Para a entrada e saída do centro poderase modificar o horario, con pequenas distancias horarias, sempre que sexa posible. Non se permite que o alumnado na entrada e na saída quede formando agrupacións, polo que se regularán as entradas e saídas directamente ás aulas e espazos formativos ou ao exterior do recinto.

O persoal docente, previa á saída, velará porque o material estea recollido e desinfectado polo alumnado. O alumnado sairá ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido polo centro ou unidade de acción formativa.

## **10. Consideracións xerais na aula**



Na aula, na propia mesa ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co do resto dos compañeiros.

Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.

Nas primeiras ou últimas horas da xornada poderán dedicarse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Os docentes, lembrarán regularmente os protocolos de hixiene e contacto social

Tentarase evitar o desprazamento do alumnado pola aula.

### **11.Consideracións especiais sobre outro tipos de instalacións**

Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior, no caso de talleres, laboratorios, aulas de informática, cocinas extremaranse os protocolos de limpeza, en atención ás súas peculiaridades.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia, debe desinfectarse ao inicio e á fin da actividade formativa. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos empregados para a formación.

### **12. Cambios de aulas ou instalacións**

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de aula ou instalación agás nos supostos excepcionais.

Se un novo grupo tivese que acceder á aula ou instalación, agardará a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia social de seguridade de 1,5 metros, evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a



espera, ventilárase a aula e o grupo entrante desinfectará pupitres ou mesas e cadeiras. De ser posible e de haber tempo suficiente, é recomendable que estas tarefas para garantir a hixienización e a ventilación as desenvolva o persoal de limpeza.

### **13. Uso da biblioteca, salón de actos e espazos de uso común.**

O uso de bibliotecas ou espazos de estudo e consulta, salón de actos e outros espazos de uso común, permitírase sempre que o aforo permita a distancia interpersoal de 1,5 metros, favorecendo a rotación no seu uso. Non se permitirá a utilización de material de consulta (libros,...etc) na biblioteca, pola imposibilidade de hixienizalos en cada uso. Por outra banda, restrinxírase o acceso a puntos de información telemática de uso xeral.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas.

### **14. Medidas específicas no uso dos aseos e vestiarios**

É obrigatorio o uso de máscara nos espazos dos aseos hixiénicos e nos vestiarios, salvo que se manteña unha distancia de seguridade de 1,5 metros. O acceso aos aseos e vestiarios terá en conta a súa capacidade, priorizando o uso individual e sen compartir lavabos e taquillas. En todo caso, manterase a distancia de seguridade en agarda do seu uso. O alumnado, deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos mais próximos á entrada do centro.

### **15. Medidas específicas para o tempo de descanso**

Realízase unha proposta de descansos escalonada de cada curso para evitar no posible a coincidencia do alumnado nas entradas e saídas das aulas para minimizar as concentracións de alumnado en corredores, escaleiras, servizos e exteriores.

### **16. Utilización de cartelería e sinalética**



Disporase de cartelería e sinalética informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de descanso que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas, talleres e aseos reforzárase a información sobre hixiene individual.

A cartelería e sinalética deberá seguir as pautas e indicacións sinaladas ao efecto pola administración autonómica.

### **17. Medidas específicas para os talleres**

O persoal docente procurará maximizar de xeito individualizado a formación práctica nos talleres e evitar, no posible, o traballo en parellas ou grupos.

Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

O uso das ferramentas, máquinas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación manual posible. Os alumnos, baixo a vixilancia do persoal docente, deberán hixienizalos despois de cada actividade para que sexan aptos para o seu uso polo seguinte usuario.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral

Edificio Administrativo San Lázaro  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña

